

 *Seminario Galán.org* 





Manuel María

Educación Infantil

Día das letras galegas 2016









MANUEL MARÍA FERNÁNDEZ TEIXEIRO É O AUTOR AO QUE SE LLE
ADICA ESTE ANO O DÍA DAS LETRAS GALEGAS.



Caricatura de Antonio Palla


PINTA E RECORTA O MARCAPÁXINAS.

MANUEL MARÍA NACEU O 6 DE OUTUBRO DE 1929 EN OUTEIRO DE
REI, LUGO.



NA PAISAXE LUGUESA HAI MOITOS TIPOS DE ÁRBORES. DESCUBRE DE ENTRE ESTAS FOLLAS AS DE CARBALLO E ARRODÉAAS.


SEUS PAIS CHAMÁBANSE ANTONIO E PASTORA.
O PAI CHEGOU SER ALCALDE DE OUTEIRO DE REI.



MANUEL MARÍA COS SEUS
PAIS E IRMÃNS.




DEBUXA Á TÚA FAMILIA.

MANUEL MARÍA ESCRIBIU MOITOS LIBROS. UN DOS MÁIS FAMOSOS É
«OS SOÑOS NA GAIOLA», CON POEMAS PARA OS NENOS E NENAS.



RECORTA E PEGA AS PEZAS PARA FORMAR A CAPA DO LIBRO.

EN MONFORTE DE LEMOS TRABALLOU DE PROCURADOR, DANDO CLASES
NUNHA ACADEMIA, ESCRIBINDO LIBROS, DE LOCUTOR DE RADIO..




PINTA OS DEBUXOS DAS PROFESIÓNS QUE TIVO MANUEL MARÍA.

MANUEL MARÍA TAMÉN MANTIÑA ABERTA, XUNTO COA SÚA MULLER
SALETA, A LIBRARÍA XISTRAL, EN MONFORTE.




PINTA SÓ OS LIBROS MÁIS ANCHOS DOS ANDEIS DA LIBRARÍA XISTRAL.

MANUEL MARÍA É UN DOS AUTORES QUE MÁIS LIBROS TEN PUBLI-
CADOS. UN DOS SEUS POEMAS ESTÁ ADICADO AO CARACOL.




Ó LOMBO LEVA-LA CASA,
CARACOL, CARACOLEIRO:
E DEIXAS CINTAS DE SEDA
ENGALANANDO O CARREIRO!















UNE OS NÚMEROS E DEBUXA A CUNCHA DO CARACOL. COLOREA O SEU CAMIÑO.

TAMÉN LLE ADICOU OUTRO POEMA AO CUCO.




CANTA CUCO OU CALA CUCO
EU EN TI XA NON CHE CREO
DESDE QUE SEI QUE VAS POÑER
O TEU OVO EN NIÑO ALLEO.



O CUCO ADOITA DEIXAR OS OVOS NOS NIÑOS DOUTROS PAXAROS. CONTA OS OVOS GRANDES QUE HAI EN CADA NIÑO E ESCRIBE O SEU NÚMERO.

O POEMA DO CUCO SEGUE ASÍ...



DESDEIXADO E PREGUICEIRO,
TAN SÓ PENSAS EN FOLGAR.
SOAMENTE DIS DÚAS NOTAS
E XA TES QUE DESCANSAR!

CANTA CUCO OU CALA CUCO,
PREGUICEIRO, NUGALLÓN:
A MIN POUCO CHE ME IMPORTA
QUE ESTEAS CANTANDO OU NON!

ARRODEA AS VOGAIS E COLORÉAAS. (A) DE AZUL, (E) DE VERMELLO, (I) DE VERDE, (O) DE AMARELO E (U) DE LARANXA.

MANUEL MARÍA ESCRIBIU SOBRE AS COUSAS QUE VÍA: ANIMAIS,
LUGARES... E TAMÉN SOBRE A CHOIVA.



CAE A AUGA NA CHAIRA
SOIO POLO GUSTO
DE PEGARLLE NA CARA.
A CHAIRA SOFRE E CALA.

GRANDES


▶ VERMELLO

MEDIANAS

▶ AZUL



PEQUENAS

▶ AMARELO




REPASA DE DIFERENTES CORES AS PINGAS SEGUNDO O SEU TAMAÑO.

TAMÉN ESCRIBIU SOBRE OUTROS FENÓMENOS CLIMÁTICOS COMO
A NEVE, PORQUE, ÁS VECES, CANDO XA É INVERNO NA
CARBALLEIRA, HAI UN MANTO BRANCO.




ESTÁ XA TAPADA A AIRA
E NON SE OLLA O CAMIÑO!
ESTÁ NEVANDO NA CHAIRA!
ESTÁ NEVANDO AMODIÑO!

E O GANDO ENCORTELLADO
NON HA SAÍR TAN AXIÑA.
Ó LONXE O MONTE NEVADO
É UNHA SÁBOA BRANQUIÑA!



ATOPA AS CINCO DIFERENZAS ENTRE ESTES DOUS BONECOS DE NEVE. COMPLETA E COLOREA.


TAMÉN ESCRIBIU SOBRE O VENTO QUE, ÁS VECES, FAI QUE SE
PERDAN AS FOLLAS.



O VENTO QUE VÉN DO MAR
É UN AIRIÑO LIXEIRO.
Á CHAIRA VÉN ENXUGAR
O SEU AQUEL MARINHEIRO.

AÍNDA NON TEN MODALES
E NON SABE SER SUTIL.
ROXE POLOS CARBALLALES
NOS AMENCERES DE ABRIL!

O VENTO QUE VÉN DO MAR
HASE FACER VENTO FINO
CANDO DEPRENDA A CANTAR
DE BEIZOS DUN ESTORNINO.



1, 2, 3



VERDE

4, 5, 6



VERMELLO

COLOREA SEGUNDO SE INDICA PARA VER A FIGURA QUE SE AGOCHA NO DEBUXO.